

Limiar

O ámbito de contidos gramaticais desta entrega é a morfoloxía verbal: infinitivo conxugado, perífrases e alternancia vocálica na raíz dos verbos da terceira conxugación. As actividades volven estar aloxadas na Web, van con enlaces a resumos de teoría gramatical de apoio e con solucións que vos faciliten a autocorrección. Engadín un comentario de texto, un tema de Literatura (o 9) e uns tantiños exercicios de vocabulario. O prazo de entrega recomendado para as actividades deste terceiro lote podemos situalo, con carácter xeral, entre o 4 e o 8 de maio. Evidentemente, se alguén o quere enviar antes, recibireino encantado.

Gramática

1. Dentro dos contidos relacionados co VERBO, propóño-vos uns exercicios moi básicos (https://gl.wikibooks.org/wiki/Exercicios_de_morfosintaxe_en_lingua_galega/verbo/Infinitivo_conxugado) sobre o uso do infinitivo conxugado (cando se pode usar, cando non). Tedes un resumo de teoría na páxina 129 (p. 17 de 32) deste pdf (https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-lingua/celga/celga-3/material-alumno/Manual_Aula_de_Galego_3_resumo_gramatical.pdf).

Nas ABAU tamén nos poden preguntar polas perífrases. Este exercicio (https://gl.wikibooks.org/wiki/Exercicios_de_morfosintaxe_en_lingua_galega/verbo/Per%C3%ADfrases) pode axudarvos a reforzar estes contidos. E este resumo de teoría pode servirvos de apoio (https://gl.wikibooks.org/wiki/Per%C3%ADfrases_verbais/Per%C3%ADfrases_galegas). Fixádevos en que, en realidade, só existen tres grandes tipos de perífrase verbal (de tempo, de modo, de aspecto), e iso simplifica a súa clasificación.

Outra pregunta frecuente no apartado gramatical das ABAU é sobre a alternancia na vogal radical (VR) dos verbos da terceira conxugación (C3). Como en casos anteriores, podedes consultar teoría sobre iso nalgún libro de texto, tanto no deste ano coma nos de cursos anteriores (entre eles, os de 1º de ESO). Tamén podedes repasala aquí: https://gl.wikibooks.org/wiki/Curso_de_lingua_galega/O_verbo/Verbos_regulares_con_alternancia_voc%C3%A1lica.

O exercicio que vos propoño é este: <https://learningapps.org/view2024748>. NOTA: neste exercicio sobre a alternancia da VR nos verbos da C3 hai unha errata. Tedes que a «descubrir», e para ese labor pode serviros de utilidade repasar o prontuario ortográfico que se entregou en clase. Tamén atoparedes un auxilio valioso para facer e corrixir esta actividade no seguinte enlace (<http://cotovia.org/proxecto/conxugador/index.html>).

Como na vez anterior, tamén neste caso vos vou pedir que **copiedes** algúns exercicios a man: os exercicios 1 e 2 sobre o uso do infinitivo conxugado e o exercicio 1 (só hai ese) das perífrases.

Por se alguén quere ampliar o repaso, outro exercicio sobre cuestións xerais relacionadas co verbo é o seguinte: <https://learningapps.org/view2197354>

Comentario de texto

Andei dándolle voltas a se engadir ou non un comentario de texto. Esta é a miña proposta: se vos animades a facelo, podeades elixir entre a opción B de xuño de 2018 **ou** a opción B de setembro do mesmo ano (escollede **só un** deles). Lembraide que só facemos as tres primeiras preguntas da proba (exercicios 1-3).

(https://ciug.gal/PDF/examesabauanosanteriores/probas/2018/ABAU_2018_Lingua_Galega.pdf).

Literatura

Por se a alguén lle quere ir botando un ollo, envío o resumo do tema 9 de literatura, o que se corresponde coa literatura do exilio da parte central do século XX. Como sabedes, o bloque de temas que vén a continuación (10, 11, 12) é o da creación literaria desde a chegada da democracia aos nosos días. Pero deses tres temas trataremos máis adiante.

Tema 9

A literatura do exilio entre 1936 e 1975: poesía, prosa e teatro.

Os acontecementos de 1936 provocaron un éxodo de escritores entre os que figuraban nomes centrais da literatura do século XX como Castelao, Rafael Dieste, Luis Seoane, Lorenzo Varela ou Eduardo Blanco Amor. Nestes anos, o groso da produción editorial trasládase á Galicia de alén mar, nomeadamente a México (revista *Vieiros*) e Arxentina, onde se fundan editoriais como Galicia, Nova ou Citania e programas de radio como *Galicia emigrante*. E o máis importante, os exiliados manteñen viva a conciencia de Galicia e a propia literatura galega naqueles tempos escuros.

Na poesía destacan as figuras de Luís Seoane e Lorenzo Varela. A poesía de Luís Seoane está dominada polo compromiso ético coa realidade social e humana de Galicia, compromiso que se concreta en dous temas na súa obra, o mundo do exilio e a historia de Galicia. O tema da emigración aparece especialmente en *Fardel de eisilado* (1952) e *A maior abundamento* (1972) nos que ofrece unha visión dignificadora dos exiliados. A historia de Galicia é abordada en *Na brétema, Sant-Iago* (1955). Lorenzo Varela escribiu *Catro poemas para catro gravados* (1944) como acompañamento lírico das imaxes de Luis Seoane de catro personaxes da historia de Galicia (María Pita, María Balteira, Roi Xordo e o bispo Ataúlfo II), e dez anos máis tarde publicou o seu poemario máis importante, *Lonxe*, fortemente condicionado pola experiencia persoal do exilio.

Na prosa, destacan Ramón de Valenzuela, Silvio Santiago e Antón Alonso Ríos. Salienta nestes autores a experiencia da guerra civil española (1936-1939) e o desaxuste entre a data de redacción das súas novelas e a da súa publicación. Ramón de Valenzuela escribiu *Non agardei por ninguén* (1957) e *Era tempo de apandar* (1980), de marcado carácter autobiográfico. Silvio Santiago escribiu, tamén nun ton marcadamente autobiográfico, *Villardevós* (1961) e *O silencio redimido* (1976), obra publicada despois da morte do autor. Antón Alonso Ríos relatou as súas experiencias da guerra en *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte (memorias dun fuxido)* (1979).

Do teatro no exilio destacan os nomes de Daniel Varela Buxán, Luis Seoane e Eduardo Blanco Amor. Daniel Varela Buxán fundou a Compañía Maruja Villanueva (que foi a que estreou *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao en 1941) coa que representaba pezas de estilo directo, ambientación rural e ton humorístico. Luis Seoane escribiu para as táboas o drama histórico *A soldadeira*. Pola súa banda, Eduardo Blanco Amor fundou en Bos Aires a compañía Teatro Popular Galego e creou textos para a súa representación, unha faceta que continuaría tras o seu regreso a Galicia nos anos sesenta do século XX.

Léxico

Como sabedes, na pestana *Xogos* do Portal das Palabras da Real Academia Galega podedes atopar **xogos sobre léxico específico**. De entre os moitos que alí se ofrecen, suxírovos algún dos seguintes:

De oficios: <https://portaldaspalabras.gal/xogo/oficios/>

Paisaxe (aviso a navegantes, este é algo máis difícil):

<https://portaldaspalabras.gal/xogo/paisaxe/>

Tipos de persoas: <https://portaldaspalabras.gal/xogo/tipos-de-persoas/>

En que andas pensando?: <https://portaldaspalabras.gal/xogo/en-que-andas-pensando/>

Cronoloxía do tempo: <https://portaldaspalabras.gal/xogo/cronoloxia-do-tempo/>

Vocabulario do fútbol: <https://portaldaspalabras.gal/xogo/dun-xute/>

Tamén podedes consultar estoutro campo de vocabulario pensando en ocupacións posibles para o próximo curso:

<https://portaldaspalabras.gal/lexico/setestrelo/estudar-na-universidade-sete-palabras/>